

Anxo Queiruga, presidente da Cogami: “Mentres os temas sociais continúen a verse como un gasto, teremos dificultades para seguir avanzando”

Dous anos leva Anxo Queiruga á fronte da Confederación Galega de Minusválidos (Cogami), traballando a prol da integración laboral e social dos individuos con discapacidade. Pero a traxectoria deste galego, natural de Porto do Son, na defensa das capacidades destas persoas remóntase a moito antes, primeiro como integrante na asociación Ámbar do Barbanza, que traballa con individuos con discapacidade física e intelectual, e despois dende a propia directiva da confederación, en concreto dende a súa vicepresidencia, que ocupou durante oito anos.



Laura VIEIRO

—Comecemos polas cifras. Cantas persoas con discapacidade hai en Galicia?

—O censo de discapacitados está composto na actualidade por unhas 293.000 persoas, das que 110.000 teñen discapacidade física, e nelas céntrase a Cogami.

—Cales son os obxectivos e as funcións específicas da confederación?

—Unha das tarefas fundamentais é a do Servizo de Intermediación Laboral, un centro asociado ao Servizo Galego de Colocación que axuda na búsqueda de emprego ás persoas con discapacidade física de Galicia, desenvolvendo actuacións moi específicas no ámbito rural.

—Comencemos por las cifras. ¿Cuántas personas con discapacidad hay en Galicia?

—El censo de discapacitados está compuesto en la actualidad por unas 293.000 personas, de las que 110.000 tienen discapacidad física, y en ellas se centra la Cogami.

—¿Cuáles son los objetivos y las funciones específicas de la confederación?

—Una de las tareas fundamentales es la del Servicio de Intermediación Laboral, un centro asociado al Servicio Galego de Colocación que ayuda en la búsqueda de empleo a las personas con discapacidad física de Galicia, desarrollando actuaciones muy específicas en el ámbito rural.



Anxo Queiruga, presidente de la Cōgami: “Mientras los temas sociales continúen viéndose como un gasto, tendremos dificultades para seguir avanzando”

Dos años lleva Anxo Queiruga al frente de la Confederación Galega de Minusválidos (Cogami), trabajando a favor de la integración laboral y social de los individuos con discapacidad. Pero la trayectoria de este gallego, natural de Porto do Son, en la defensa de las capacidades de estas personas se remonta a mucho antes, primero como integrante de la asociación Ámbar del Barbanza, que trabaja con individuos con discapacidad física e intelectual, y después desde la propia directiva de la confederación, en concreto desde su vicepresidencia, que ocupó durante ocho años.

Este servizo está obtendo uns resultados moi importantes, xa que o ano pasado 2.930 persoas atoparon un emprego a través del. Trátase dunha ferramenta para facer visibles a estas persoas, para que teñan a súa independencia económica e a súa propia vida, un obxectivo primordial para nós.

—De que xeito se desenvolve ese servizo?

—Un orientador desplázase aos concellos rurais para entrevistar aos demandantes de emprego, coa fin de analizar a súa formación, aptitudes, as actividades que lles permiten facer as súas discapacidades e tamén os seus intereses.

Ese servizo complétase coa figura dun técnico que visita em-

Este servizo está obteniendo unos resultados muy importantes, ya que el año pasado 2.930 personas encontraron un empleo a través de él. Se trata de una herramienta para hacer visibles a estas personas, para que tengan su independencia económica y su propia vida, un objetivo primordial para nosotros.

—¿De qué forma se desarrolla ese servicio?

—Un orientador se desplaza a los municipios rurales para entrevistar a los demandantes de empleo, con el fin de analizar su formación, aptitudes, las actividades que les permiten hacer sus discapacidades y también sus intereses.

Ese servicio se completa con la figura de un técnico que visita



presas do rural con distintos obxectivos: por un lado, darlle a coñecer ao empresario a existencia dunha bolsa de emprego con individuos con discapacidade que teñen dispoñibilidade para traballar; e, por outro, romper os estereotipos creados no tecido empresarial sobre estas persoas. En 48 horas, comprometémonos a buscarlles ao empresario dous candidatos que se axusten ao que el demanda.

A Cogami ten tamén un servizo de formación, dentro do cal se lle garanten ao alumnado prácticas en empresas do seu entorno, pero sempre no caso de que o demandante de emprego teña os coñecementos mínimos adquiridos no curso. É dicir, o que dá a posibilidade de obter prácticas é o coñecemento, non a discapacidade.

Así mesmo, a confederación conta cun grupo de empresas, que abrangue 14 iniciativas empresariais de sectores moi diversos, que son unha oportunidade moi significativa para este colectivo. Estas iniciativas teñen moitas dificultades para ser viables e sostibles no tempo, e é necesario que as administracións reserven para elas unha carga de traballo, porque, se non, é moi complicado que poidan competir no mercado ordinario.

—*Antes falaba da existencia de estereotipos nas empresas. Segue a haber prexuízos no tocante á contratación de individuos con algún tipo de discapacidade?*

empresas del rural con distintos objetivos: por un lado, darle a coñecer al empresario la existencia de una bolsa de empleo con individuos con discapacidade que tienen disponibilidad para traballar; y, por outro, romper los estereotipos creados en el tecido empresarial sobre estas personas. En 48 horas, nos comprometemos a buscarle al empresario dos candidatos que se ajusten a lo que él demanda.

La Cogami tiene también un servicio de formación, dentro del cual se le garantizan al alumnado prácticas en empresas de su entorno, siempre en caso de que el demandante de empleo tenga los conocimientos mínimos adquiridos en el curso. Es decir, lo que da la posibilidad de obtener prácticas es el conocimiento, no la discapacidade.

Asimismo, la confederación cuenta con un grupo de empresas, que abarca 14 iniciativas empresariales de sectores muy diversos, que son una oportunidad muy significativa para este colectivo. Estas iniciativas tienen muchas dificultades para ser viables y sostenibles en el tiempo, y es necesario que las administracións reserven para ellas una carga de traballo, porque, si no, es muy complicado que puedan competir en el mercado común.

—*Antes hablaba de la existencia de estereotipos en las empresas. ¿Segue habiéndose prexuízos en lo tocante a la contratación de individuos con algún tipo de discapacidade?*



—Eu diría que nese sentido se avanzou. A Cogami xa tiña experiencia en inserción laboral a través de proxectos europeos, como o Horizon, no que empezamos a traballar en 1990, e iso levou á Administración autonómica a confiar en nós para ofertar este servizo cando se lle transferiron as competencias de emprego.

Esta ferramenta abriulle as portas a moita xente que non cría na súa capacidade e demostrou a moitas familias que ese ser querido que teñen no seu entorno realmente pode e ten que ter unha oportunidade.

É necesario salientar que, hoxe en día, o empresario o único que recibe por contratar a unha persoa con discapacidade son beneficios, tanto fiscais como sociais, e agora que está tan en boga a responsabilidade social corporativa, unha empresa tamén é mellor se ten contratadas a persoas con discapacidade e a outros colectivos con necesidade de inserción social.

“O paso que nos queda é o investimento na xente, que é o maior valor que temos”

—Yo diría que en ese sentido se avanzó. La Cogami ya tenía experiencia en inserción laboral a través de proyectos europeos, como el Horizon, en el que empezamos a trabajar en 1990, y eso llevó a la Administración autonómica a confiar en nosotros para ofertar este servicio cuando se le transfirieron las competencias de empleo.

Esta herramienta le abrió las puertas a mucha gente que no creía en su capacidad y demostró a muchas familias que ese ser querido que tienen en su entorno realmente puede y tiene que tener una oportunidad.

Es necesario destacar que, hoy en día, el empresario lo único que recibe por contratar a una persona con discapacidad son beneficios, tanto fiscales como sociales, y ahora que está tan en boga la responsabilidad social corporativa, una empresa también es mejor si tiene contratadas a personas con discapacidad y a otros colectivos con necesidad de inserción social.

“El paso que nos queda es la inversión en la gente, que es el mayor valor que tenemos”

—*Que opina de medidas como as subvencións a empresas para que contraten a traballadores con discapacidade?*

—Eu véxoo ben, o que pasa é que, tal e como está contemplada agora, é unha axuda moi liñal. Creo que debería existir un equipo multidisciplinar que valorase as capacidades produtivas da persoa contratada e subvencionase a súa falta de produtividade. Se alguén ten unha discapacidade e precisa apoios para realizar unha tarefa, deberíaselles abonar ás empresas esa falta de produtividade, en lugar de darlles a todas o mesmo, independentemente da capacidade produtiva dos traballadores.

Por exemplo, en Suecia ou Noruega, se unha persoa produce o 10 por cento, o Estado paga o 90 por cento restante; e viceversa, se o traballador, pese a ter algunha discapacidade, non precisa de ningún apoio para desenvolver o seu traballo, a empresa non recibe ningunha subvención.

—*Aínda nos queda moito para chegar ao nivel deses países?*

—Sí, claro! Na mentalidade sobre todo, porque aquí séguense a ver os temas sociais como un gasto, e, mentres non cambiamos ese chip e se vexan como un investimento en benestar e en calidade de vida, teremos dificultades para seguir avanzando. É imprescindible que a sociedade tome conciencia de que unha persoa con discapacidade que estea traballando non está cobrando unha pensión, senón que está pagando os seus impostos á Segu-

—*¿Qué opina de medidas como las subvenciones a empresas para que contraten a trabajadores con discapacidad?*

—Yo lo veo bien, lo que pasa es que, tal y como está contemplada ahora, es una ayuda muy lineal. Creo que debería existir un equipo multidisciplinar que valorase las capacidades productivas de la persona contratada y subvencionase su falta de productividad. Si alguien tiene una discapacidad y precisa apoyos para realizar una tarea, se les debería abonar a las empresas esa falta de productividad, en lugar de darles a todas lo mismo, independentemente de la capacidad productiva de los trabajadores.

Por ejemplo, en Suecia o Noruega, si una persona produce el 10 por ciento, el Estado paga el 90 por ciento restante; y viceversa, si el trabajador, pese a tener alguna discapacidad, no precisa de ningún apoyo para desarrollar su trabajo, la empresa no recibe ninguna subvención.

—*¿Aún nos queda mucho para llegar al nivel de esos países?*

—¡Sí, claro! En la mentalidad sobre todo, porque aquí se siguen viendo los temas sociales como un gasto, y, mientras no cambiamos ese chip y se vean como una inversión en bienestar y en calidad de vida, tendremos dificultades para seguir avanzando. Es imprescindible que la sociedad tome conciencia de que una persona con discapacidad que esté trabajando no está cobran-

En que pensaches esta mañá ao erguer-te?



NECESITAS DESCANSAR

Necesitas pasear por cidades de pedra onde a arquitectura é patrimonio. Necesitas contemplar monumentos onde a historia é arte. Necesitas visitar museos onde a arte é vida. Necesitas durmir en lugares cheos de encanto onde o tempo se detén para ti. Necesitas coñecer unha cultura única, deixarte sorprender e soñar.

NECESITAS GALICIA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo

ridade Social e contribuíndo ao desenvolvemento económico do país. O que investimos hoxe en benestar e en servizos ímolo aforrar en sanidade no futuro. Ese é o paso que nos queda, o investimento na xente, que é o maior valor que temos.

—*Aparte do servizo para axudar a estas persoas a atopar emprego, que outras actividades realiza a Cogami?*

—Temos tamén un servizo de asesoramento, cun equipo de dez traballadoras sociais, que colabora estreitamente cos servizos sociais dos concellos, coas persoas con discapacidade, coas familias e coas empresas. Tamén contamos cun departamento específico de transnacional, que está traballando en distintos proxectos europeos.

Por outra banda, hai un área de voluntariado de ocio e tempo libre, que oferta actividades orientadas especialmente a que os familiares dos grandes discapacitados teñan tamén un tempo para eles.

Ademais, contamos cun departamento que coordina todas as actividades das 48 entidades que forman parte de Cogami, que mantén contacto diario con cada unha delas para botarlles unha man na posta en marcha de novos proxectos, así como no seguimento e apoio técnico necesario para que eses proxectos cheguen a bo porto.

E, por último, temos un servizo que asesora a empresas, concellos e a persoas que adquiren unha discapacidade sobre accesibilidade.

—*A accesibilidade é un tema inevitable cando se fala de discapacidade física. Hoxe en día, case todos os concellos galegos traballan na eliminación de barreiras arquitectónicas. Como valora as actuacións que se están desenvolvendo?*

—Para nós, as barreiras arquitectónicas son importantes, pero o máis importante son as barreiras sociais. Agora estanse facendo plans de eliminación de barreiras en moitos concellos de Galicia, sobre todo nas cidades grandes, aínda que, nos últimos anos, tamén en moitos municipios pequenos estanse destinando partidas específicas para esta tarefa. Gracias a isto, hoxe unha persoa con discapacidade xa pode visitar concellos que antes eran completamente inaccesibles, como Arzúa, Boimorto ou Toques, como un cidadán máis.

No referente ás cidades, Santiago leva feito un traballo importante en accesibilidade. Cando cheguei a ela, era totalmente impracticable, e hoxe percórrese ben, a pesar da propia orografía da urbe, coas súas costas, o seu casco histórico... Tamén Pontevedra ten feito un grande labor, xa que é perfecta para percorrela dun lado a outro, ao igual que Lugo, que era outra das cidades complicadas.

—*Que é o que falta? Cre que é posible avanzar máis neste punto?*

—Agora temos que ter coidado de non construír con barreiras, e para iso é necesario que haxa uns mecanismos reais de control e de vixilancia. No século XXI non podemos estar facendo ningunha obra pública que non cumpla a normativa. Os cartos destinados á eliminación de barreiras son limitados, chegará un momento no que se acabarán, e está ben que se utilicen para eliminar barreiras que existen desde hai 20 anos, pero non dende hai tres ou catro, porque iso significa que algo esta-

do una pensión, sino que está pagando sus impuestos a la Seguridad Social y contribuyendo al desarrollo económico del país. Lo que invertimos hoy en bienestar y en servicios lo vamos a ahorrar en sanidad en el futuro. Ese es el paso que nos queda, la inversión en la gente, que es el mayor valor que tenemos.

—*Aparte del servicio para ayudar a estas personas a encontrar empleo, ¿qué otras actividades realiza la Cogami?*

—Tenemos también un servicio de asesoramiento, con un equipo de diez trabajadoras sociales, que colabora estrechamente con los servicios sociales de los ayuntamientos, con las personas con discapacidad, con las familias y con las empresas. También contamos con un departamento específico de transnacional, que está trabajando en distintos proyectos europeos.

Por otra parte, hay un área de voluntariado de ocio y tiempo libre, que oferta actividades orientadas especialmente a que los familiares de los grandes discapacitados tengan también un tiempo para ellos.

Además, contamos con un departamento que coordina todas las actividades de las 48 entidades que forman parte de Cogami, manteniendo contacto diario con cada una de ellas para echarles una mano en la puesta en marcha de nuevos proyectos, así como en el seguimiento y apoyo técnico necesario para que esos proyectos lleguen a buen puerto.

Y, por último, tenemos un servicio que asesora a empresas, ayuntamientos y personas que adquieren una discapacidad sobre accesibilidad.

—*La accesibilidad es un tema inevitable cuando se habla de discapacidad física. Hoy en día, casi todos los ayuntamientos gallegos trabajan en la eliminación de barreras arquitectónicas. ¿Cómo valora las actuaciones que se están desarrollando?*

—Para nosotros, las barreras arquitectónicas son importantes, pero lo más importante son las barreras sociales. Ahora se están haciendo planes de eliminación de barreras en muchos ayuntamientos de Galicia, sobre todo en las ciudades grandes, aunque, en los últimos años, también en muchos municipios pequeños se están destinando partidas específicas para esta tarea. Gracias a esto, hoy una persona con discapacidad ya puede visitar ayuntamientos que antes eran completamente inaccesibles, como Arzúa, Boimorto o Toques, como un ciudadano más.

En lo referente a las ciudades, Santiago ha hecho un trabajo importante en accesibilidad. Cuando llegué a ella, era totalmente impracticable, y hoy se recorre bien, a pesar de la propia orografía de la urbe, con sus cuevas, su casco histórico... También Pontevedra ha hecho una gran labor, ya que es perfecta para recorrerla de un lado a otro, al igual que Lugo, que era otra de las ciudades complicadas.

—*¿Qué es lo que falta? ¿Cree que es posible avanzar más en este punto?*

—Ahora tenemos que tener cuidado de no construir con barreras, y para eso es necesario que haya unos mecanismos reales de control y de vigilancia. En el siglo XXI no podemos estar haciendo ninguna obra pública que no cumpla la normativa. El dinero destinado a la eliminación de barreras es limitado, llegará un momento en el que se acabará, y está bien que se utilice para eliminar barreras que existen desde hace 20 años, pero no desde hace tres o

mos facendo mal.

Neste sentido, xa lles trasladamos aos tres grupos parlamentarios a petición de que, na próxima lexislatura, leven ao seu programa electoral unha modificación da lei galega de accesibilidade e de supresión de barreiras, e temos o seu compromiso ao respecto.

—*Ultimamente, temos escoitado ou lido fortes críticas nos medios de comunicación sobre supostas demoras no cobro das axudas contempladas na Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, comunmente chamada “Lei da Dependencia”.*

—Iso é algo normal, porque arredor desa normativa xeráronse unhas expectativas moi fortes. A Lei da Autonomía Persoal é un paso adiante, pero, se se mira desde un determinado prisma, pódese ver como un fracaso, porque necesita moitísimos cartos e non conta cos mecanismos de financiamento axeitados. A esta lei quédalle moito para ser “o cuarto pilar do Benestar”, pero tampouco podemos esperar que, en tres anos, dea resposta a todo o mundo e cubra todas as necesidades, porque son moitas.

—¿Antes a xente estaba atendida? Pois non. E agora algunha sí está atendida, pero hai moita outra que aínda non, porque non hai recursos suficientes, porque non hai as infraestruturas necesarias, polo motivo que sexa, pero é indubidable que esta lei é un avance.

—*Como voceiro das persoas con discapacidade, ten algunha obxección concreta que facer a esta normativa?*

—Un dos aspectos cos que non estamos de acordo é co copago dos servizos de dependencia. Recentemente, acordouse no Consello Interterritorial que as persoas con discapacidade que superen unha vez o Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM) terán que copagar eses servizos. A nosa demanda é que, cando menos, se copague se se supera dúas veces e medio ese indicador. Aínda hai que traballar moito se realmente se quere que esta lei sexa o cuarto pilar do Benestar. De momento non o é. Se a sanidade, as pensións e o ensino son gratuitos, unhas das cousas que necesitaría para ser “o cuarto pilar do benestar” é que fora gratuita, e non o é.

—*Cómo valora o traballo do actual Goberno galego en materia de dependencia?*

—A Lei de Servizos Sociais que se acaba de aprobar na Cámara galega é un paso adiante. E tamén está o concurso do 065, o transporte adaptado. Galicia está formada por 315 concellos con case 35.000 núcleos de poboación, e iso relega ás persoas con problemas de mobilidade ao illamento obrigado nos seus pobos. Este servizo vai servir para mudar a situación desas persoas, sobre todo no ámbito rural.

Así mesmo, este ano creouse o Consello Asesor para a Integración da Discapacidade na Función Pública. Na Lei de Función Pública de Galicia resérvanse o 7 por cento das prazas para persoas con discapacidade, pero era necesario impulsar a adaptación



GUILLERMO CALVIÑO

cuatro, porque eso significa que algo estamos facendo mal.

En este sentido, xa les trasladamos a los tres grupos parlamentarios la petición de que, en la próxima legislatura, lleven a su programa electoral una modificación de la ley gallega de accesibilidad y de supresión de barreras, y tenemos su compromiso al respecto.

—*Últimamente, hemos escuchado o leído fuertes críticas en los medios de comunicación sobre supuestas demoras en el cobro de las ayudas contempladas en la Ley de Promoción de la Autonomía Personal y Atención a las Personas en Situación de Dependencia, comúnmente llamada “Ley de la Dependencia”.*

—Eso es algo normal, porque alrededor de esa normativa se generaron unas expectativas muy fuertes. La Ley de la Autonomía Personal es un paso adelante, pero, si se mira desde un determinado prisma, se puede ver como un fracaso, porque necesita muchísimo dinero y no cuenta con los mecanismos de financiación idóneos. A esta ley le queda mucho para ser “el cuarto pilar del Bienestar”, pero tampoco podemos esperar que, en tres años, dé respuesta a todo el mundo y cubra todas las necesidades, porque son muchas. ¿Antes la gente estaba atendida? Pues no. Y ahora alguna sí está atendida, pero hay mucha otra que aún no, porque no hay recursos suficientes, porque no se dispone de las infraestructuras necesarias, por el motivo que sea, pero es indudable que esta ley es un avance.

—*Como portavoz de las personas con discapacidad, ¿tiene alguna objeción concreta que hacer a esta normativa?*

—Uno de los aspectos con los que no estamos de acuerdo es

50 años y...
qué bien te conservas.



Rianxeira cumple 50 años. Desde nuestros orígenes hemos sido la empresa de conservas más innovadora del mercado. Pionera y referente en el sector lanzando novedades en producto y envasado.

50 años en constante evolución.

50
AÑOS
RIANXEIRA

das probas. A unha persoa cunha discapacidade intelectual non se lle pode preguntar un artigo da Constitución, pero si pode facer un traballo dentro da Administración axeitado ás súas características. E un individuo que teña problemas de mobilidade precisa doutros tempos para poder facer unha proba ou require unhas axudas técnicas para poder desenvolvela.

—*E que hai das propias persoas con discapacidade? ¿Cren elas nas súas capacidades?*

—Moitas non, porque nunca tiveron o apoio nin os recursos necesarios para potencialas. En moitos casos, o problema vén da súa propia familia, que ve a discapacidade como un problema, e outras veces esas persoas non dispoñen dos recursos necesarios para poder ir á escola como os demais rapaces e ter garantido o seu proceso de formación nas mesmas condicións que o resto. A formación é a ferramenta básica de calquera individuo e máis dos que teñen algunha discapacidade, e hai que seguir batallando para garantir ese dereito.

—*Cales son as liñas principais de actuación da Cogami de cara o ano que vén?*

—O próximo ano vaise celebrar un Consello Nacional, no que nos xuntaremos varias entidades do Estado para acordar as medidas que se deben tomar con respecto á Lei da Autonomía Persoal.

Así mesmo, nunha recente xuntanza, a conselleira de Vivenda, Teresa Táboas, propúxonos crear en Pontevedra un espazo para vivendas de referencia a nivel de accesibilidade e sostenibilidade, non específico para persoas con discapacidade. Ese é o camiño, que ningún se teña que xuntar e vivir en sitios específicos, que cada un teña a liberdade de poder adquirir unha vivenda no sitio que a máis lle agrade.

—*Tras case dez anos na directiva da confederación, mudaron moito as cousas? ¿Que hai da percepción da xente na rúa sobre as persoas con discapacidade?*

—Eu creo que nese punto se avanzou, aínda que depende do ámbito no que te movas. Nas cidades, esta xente pasa máis desapercibida e é moito máis factible vela pola rúa, de festa ou nun restaurante, mentres que no rural aínda queda moito por facer.

—*Como foi o teu proceso de chegada á Cogami?*

—Eu formaba parte de Ámbar, unha entidade da comarca do Barbanza que é membro directo da Cogami. Tras estudar en Salamanca, voltei a Santiago e, xa estando aquí, Domingos Dosil, o anterior presidente da Cogami, que xa me coñecía do movemento asociativo, propúxome comezar a traballar na confederación. Un ano e medio máis tarde, déronse unha serie de circunstancias e propúxome formar parte da súa xunta directiva como vicepresidente.

con el copago de los servicios de dependencia. Recientemente, se acordó en el Consejo Interterritorial que las personas con discapacidad que superen una vez el Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM) tendrán que copagar esos servicios. Nuestra demanda es que, cuando menos, se copague si se supera dos veces y medio ese indicador. Aún hay que trabajar mucho si realmente se quiere que esta ley sea “el cuarto pilar del Bienestar”. De momento no lo es. Si la sanidad, las pensiones y la educación son gratuitas, unas de las cosas que necesitaría para ser “el cuarto pilar del Bienestar” es ser gratuita, y no lo es.

—*¿Cómo valora el trabajo del actual Gobierno gallego en materia de dependencia?*

—La Ley de Servicios Sociales que se acaba de aprobar en la Cámara gallega es un paso adelante. Y también está el concurso del 065, el transporte adaptado. Galicia está formada por 315 ayuntamientos con casi 35.000 núcleos de población, y eso relega a las personas con problemas de movilidad al aislamiento obligado en sus pueblos. Este servicio va a servir para cambiar la situación de esas personas, sobre todo en el ámbito rural.

Asimismo, este año se creó el Consejo Asesor para la Integración de la Discapacidad en la Función Pública. En la Ley de Función Pública de Galicia se reservan el 7 por ciento de las plazas para personas con discapacidad, pero era necesario impulsar la adaptación de las pruebas. A una persona con una discapacidad intelectual no se le puede preguntar un artículo de la Constitución, pero sí es capaz de hacer un trabajo dentro de la Administración adecuado a sus características. Y

un individuo que tenga problemas de movilidad precisa de otros tiempos para poder hacer una prueba o requiere unas ayudas técnicas para poder desarrollarla.

—*¿Y qué hay de las propias personas con discapacidade? ¿Creen ellas en sus capacidades?*

—Muchas no, porque nunca tuvieron el apoyo ni los recursos necesarios para potenciarlas. En muchos casos, el problema viene de su propia familia, que ve la discapacidad como un problema, y otras veces esas personas no disponen de los recursos necesarios para poder ir a la escuela como los demás chicos y para tener garantizado su proceso de formación en iguales condiciones que el resto. La formación es la herramienta básica de cualquier individuo y más de los que tienen alguna discapacidad, y hay que seguir batallando para garantizar ese derecho.

—*¿Cuáles son las líneas principales de actuación de la Cogami para el año que viene?*

—El próximo año se va a celebrar un Consejo Nacional, en el que nos juntaremos varias entidades del Estado para acordar las

“Á Lei da Autonomía Persoal quédalle moito para ser o cuarto pilar do Benestar”

“A la Ley de la Autonomía Personal le queda mucho para ser el cuarto pilar del Bienestar”



—*Como valora esa experiencia?*

—Para min, foi moi importante, porque me dou pé a percorrer todos os concellos de Galicia para difundir o servizo de formación e emprego, no que traballaba daquela, coñecer a situación das persoas con discapacidade e das súas familias e facer propostas para responder ás necesidades desa xente no seu entorno. Foron tres anos e medio visitando Galicia dun punto a outro, da mañá á noite, percorrendo tres, catro, cinco concellos ao día en distintas comarcas, reuníndome con alcaldes, con concelleiros, con técnicos de servizos sociais...

—*Cal foi a súa percepción da situación por aquel entón?*

—Para a xente era algo sorprendente, chegabas aos concellos e dicíanche “non, aquí case non hai persoas con discapacidade”, e, despois, cando te poñías a traballar no censo, resulta que había moitísimas, pero se descoñecía a súa situación.

Nesa época tiven a oportunidade de ver de primeira man como lle cambiaba a vida a moitas persoas e ás súas familias, e esa é a parte grata deste traballo. Nada diso sería posible sen o movemento asociativo, nin avanzaría do xeito no que está avanzando. O movemento asociativo ten que servir, por unha banda, como mecanismo de presión cara a Administración e a sociedade en xeral para poñer enriba da mesa as dificultades coas que se atopan as persoas con discapacidade no seu día a día e tratar de ir normalizando a súa situación; e, ao mesmo tempo, para facer propostas que dean saída ás necesidades deste colectivo, negociarlas e poñelas en marcha, en vez de quedar de brazos caídos esperando a que todo o faga a Administración. **G**

medidas que se deben tomar en relación con la Ley de la Autonomía Personal.

Asimismo, en un reciente encuentro, la conselleira de Vivenda, Teresa Táboas, nos propuso crear en Pontevedra un espacio para viviendas de referencia a nivel de accesibilidad y sostenibilidad, no específico para personas con discapacidad. Ese es el camino, que nadie se tenga que juntar y vivir en sitios específicos, que cada uno tenga la libertad de poder adquirir una vivienda en el sitio que más le agrade.

—*Tras casi diez años en la directiva de la confederación, ¿cambiaron mucho las cosas? ¿Qué hay de la percepción de la gente en la calle sobre las personas con discapacidad?*

—Yo creo que en ese punto se avanzó, aunque depende del ámbito en el que te muevas. En las ciudades, esta gente pasa más desapercibida y es mucho más factible verla por la calle, de fiesta o en un restaurante, mientras que en el rural aún queda mucho por hacer.

—*¿Cómo fue su proceso de llegada a la Cogami?*

—Yo formaba parte de Ámbar, una entidad de la comarca del Barbanza que es miembro directo de la Cogami. Tras estudiar en Salamanca, regresé a Santiago y, ya estando aquí, Domingos Dosil, el anterior presidente de la Cogami, que ya me conocía del movimiento asociativo, me propuso comenzar a trabajar en la confederación. Un año y medio más tarde, se dieron una serie de circunstancias y me propuso formar parte de su junta directiva como vicepresidente.

—*¿Cómo valora esa experiencia?*

—Para mí, fue muy importante, porque me dio pie a recorrer todos los municipios de Galicia para difundir el servicio de formación y empleo, en el que trabajaba de aquella, conocer la situación de las personas con discapacidad y de sus familias y hacer propuestas para responder a las necesidades de esa gente en su entorno. Fueron tres años y medio visitando Galicia de un punto a otro, de la mañana a la noche, recorriendo tres, cuatro, cinco ayuntamientos al día en distintas comarcas, reuniéndome con alcaldes, con concejales, con técnicos de servicios sociales...

—*¿Cuál fue su percepción de la situación por aquel entonces?*

—Para la gente era algo sorprendente, llegabas a los ayuntamientos y te decían “no, aquí casi no hay personas con discapacidad”, y, después, cuando te ponías a trabajar en el censo, resulta que había muchísimas, pero se desconocía su situación.

En esa época tuve la oportunidad de ver de primera mano cómo le cambiaba la vida a muchas personas y a sus familias, y esa es la parte grata de este trabajo. Nada de eso sería posible sin el movimiento asociativo, ni avanzaría de la manera en que está avanzando. El movimiento asociativo tiene que servir, por una parte, como mecanismo de presión hacia la Administración y a la sociedad en general para poner encima de la mesa las dificultades con las que se encuentran las personas con discapacidad en su día a día y tratar de ir normalizando su situación; y, al mismo tiempo, para hacer propuestas que den salida a las necesidades de este colectivo, negociarlas y ponerlas en marcha, en lugar de quedarse de brazos cruzados esperando a que todo lo haga la Administración. **G**